



CORRECCIÓN DE ERROS. Orde do 10 de xuño de 2019 pola que se convoca concurso de méritos específico para cubrir postos de dirección dos centros de formación e recursos e de asesorías do Servizo de Formación do Profesorado, do Centro Autonómico de Formación e Innovación e dos centros de formación e recursos.

Advertido erros na Orde do 10 de xuño de 2019 pola que se convoca concurso de méritos específico para cubrir postos de dirección dos centros de formación e recursos e de asesorías do Servizo de Formación do Profesorado, do Centro Autonómico de Formación e Innovación e dos centros de formación e recursos, é preciso efectuar as seguintes modificacións:

No artigo 2. *Requisitos de participación,*

Onde di:

Poderá participar neste concurso o persoal funcionario de carreira dos corpos docentes que imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, que cumpran cos seguintes requisitos o 31 de agosto de 2019:

1. Contar cun mínimo de cinco anos de experiencia docente como persoal funcionario para os postos de dirección de CFR e dun ano para os postos de asesoría.
2. Aqueles que se correspondan cos requisitos das prazas que figuran no anexo II da presente orde.

Debe dicir:

Poderá participar neste concurso o persoal funcionario de carreira dos corpos docentes que imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, que cumpran cos seguintes requisitos o 31 de agosto de 2019, conte cun mínimo de cinco anos de experiencia docente como persoal funcionario para os postos de dirección de CFR e dun ano para os postos de asesoría.

Na disposición adicional segunda, apartado 1,

Onde di:

1. Os requisitos para participar nesta convocatoria e os méritos que aleguen as persoas solicitantes deberán estar referidos á data de finalización do prazo de solicitudes.

Debe dicir:

1. Os méritos que aleguen as persoas solicitantes deberán estar referidos á data de finalización do prazo de solicitudes.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

José Manuel Pinal Rodríguez

